



'A vida a arder', de Abraham Pérez aire fresco para a narrativa galega

[Xavier Queipo](#)

22 de maio de 2026

<https://praza.gal/opinion/a-vida-a-arder-de-abraham-perez-aire-fresco-para-a-narrativa-galega>

ç

Se o eco dos libros semella ter entre nós obsolescencia programada, o dos premios tal parece que vai polo mesmo camiño. Quen lembra dúas semanas despois quen gañou un premio, que foi merecente, no máximo, dunha pequena nota nun xornal (ou en varios), mais sempre no contexto dunha gala maior, onde se cadra outros dos premiados foron recoñecidos en destaque nos titulares? Talvez a propia premiada ou premiado, os editores, os contactos nas redes sociais, os familiares e amigos e, con sorte, os presentes na recollida do premio, e alguén que pasaba por alí lembrarán o título e a eventual lectura, mais o efecto na opinión pública lectora será mínimo.

Agora que se van esfumando na brétema mesta do ruído ambiente os últimos ecos dos Premios Follas Novas, córrese-me pensar que outros libros foran talvez merecentes de estar entre os finalistas. Mais non é unha boa idea, parecería que estou criticando o labor de xurados, en primeira e segunda instancia, que así se escollen estes premios. Tampouco estou desmerecendo os finalistas nin quen levou o premio, simplemente chamo a atención sobre un libro que considero de mérito. Non, non desmerezo o traballo de ninguén, non está no meu estilo, aínda que pareza ser norma de uso nesta sociedade doente á que retornei logo de varias décadas de ausencia. Nin moito menos, nin se me pasaría pola cabeza, criticar o traballo honesto de ninguén, pois sei o que custa escribir un libro, revisalo mil veces, atopar un editor sensíbel, esperar, ás veces con ansia, polos comentarios de análise, que as máis das veces... non chegan. Simplemente quería falar dun libro que considero de mérito, e enmarcalo nun sistema que, apagados os focos, borra da memoria calquera premio ou agasallo recente.

Sen máis introitos paso a contarlles que **A vida a arder foi publicado a finais de 2025.** Trátase dunha novela ou dun conxunto de relatos nos que conflúen **personaxes e situacións arredor do Vercón, un barrio de Lugo.** Polo que se conta e polo que se intúe imaxino ese lugar como áspero, difícil, de onde custa traballo saír, aínda que a moitos dos seus habitantes lles gustaría explorar outras opcións na vida.

Como a meirande parte dos libros que falan dunha deriva xeracional, este **é un libro con banda sonora e banda literaria, é dicir inzado de referencias musicais, literarias e cinéfilas**. Pasan polas súas páxinas, entre outras alusións pormenorizadas: Ted Hughes, Nick Cave and the Bad Seeds, Nikos Kazantakis, Federico Felini e Kenzaburo Oé, Xosé Cid Cabido, o de *'Bloomsday'*, e Abraham Boba, The Doors e Alejandro Zambra, o do *'Bonsai'* ou *'Formas de volver a casa'*, Manganelli o de *'Centuria'*, mais tamén José Ángel Valente, Juan Carlos Onetti, Carlos Casares e o agora case esquecido Anxo Rei Ballesteros, a quen xa lle vai tocando, ao meu parecer, un Día das Letras Galegas.

Nalgunha das pasaxes, o estilo é de novela coral cun toque de realismo sucio, de precariedade laboral e sentimental. Noutras, como na sección *'O xogo da moeda'*, un grupo de amigos acoden á mansión dun membro do grupo que pertence a unha familia máis acomodada e burguesa, a así, falando do nada cotiá, comendo e bebendo arredor dunha piscina, fixeron acordar en min a lectura de *'Less than Zero'*, de Bret Easton Ellis.

Noutra sección, a da *'Carta desde Seúl'*, a distancia de quen escribe resulta nunha tensión entre realidade sentida e soñada. A carta ben podería ser enviada dende Nova York ou Bos Aires, ou calquera outra desas metrópoles -sumidoiro ou refuxio- a onde un fuxe para esquecer ou para lembrar ao detalle, dependendo das necesidades de cada momento. Nesa carta fálase da nenez da xeración Xabarín Club, onde os nenos foron criados afoutos, preparados para un mundo difícil. Esa é a xeración de Abraham, que coas súas contradicións e grandezas desfila por estas páxinas que son, ao tempo, ficción e crónica, nunha mestura feliz.

Ao longo das varias seccións narrativas, algunha delas de diálogos encadeados, hai unha referencia recorrente a vinte anos atrás, unha especie de fractura emocional á que se retorna cando un se achega á etapa central da vida. Suponse que o protagonista arredor do que se articulan as máis das seccións, debe andar máis próximo dos 40 que dos 30 anos, o que fai que por veces os personaxes procuren referencias nostáxicas, cando eran novos e estabamos vivindo mais todo estaba por vivir (pasounos a todos). Pasados esfiañados, conversas tensas ou atómicas, ingravidas ou inanes, para configurar unha sensación de que, ben mirado, o tempo pasou coma un foguete, que como dicía o tango 'vinte anos non son nada'. Así, por unha físgoa diminuta podemos entrever o pasado, mais ficamos diante dun muro de néboa e resulta imposible albiscar o futuro.

E como ecosistema, o barrio do Vercón, versión local dun escenario mítico da alteridade, dunha historia pasada e dura, da que todos os rapaces queren fuxir (os vellos saben que non poden fuxir), pois os que fican no barrio envellecen na nimiedade existencial, nas rutinas recorrentes e tristes, no nada cotiá.

Se ese ecosistema de fondo espazo-temporal (o barrio de Vercón, vinte anos atrás) configura a acción e os diálogos, a alternancia de testemuños e lembranzas, a variabilidade de puntos de vista estéticos no desenvolvemento de cada sección do libro, fan que nos atopemos diante dunha libro do maior interese, quer filosófico, quer formal.

Para rematar, dicir que como todas as novelas/narracións xeracionais, está ten o seu vocabulario propio, non excesivamente complexo, mais que remite claramente a un lugar e a unha época. O aderezo das referencias fílmicas, literarias e musicais das que falei antes, axudan a coutar o ecosistema, pois se hai algunhas referencias que son importantes para unha xeración, en particular a música, outras, como as literarias, poden resultar máis específicas do/dos personaxes desta narración específica.

Como resumo, dicir que na miña opinión, **'A vida a arder'** resulta un conxunto de relatos ou mellor de seccións narrativas dun todo, que configuran un deseño xeracional dos que agora frisan os 40 anos. Existen, por descontado, outras realidades posíbeis, por iso o ecosistema a que se refire está centrado de xeito espazo temporal, o que é de agradecer, pois non pretende xeneralizar senón precisar a xeito de crónica e ficción localizada, que é o que se pode esperar dun escritor, que sexa testemuña do seu tempo.

Así, pola realidade que trata, a da precariedade xeracional, e polo estilo, cambiante, mudábel, rico en matices, esta obra, **'A vida a arder'**, merecería atención de crítica e público. Eu expliqueilles porque na miña opinión, mais supoño que haberá outras lecturas e outras aproximacións literarias ou comerciais. Xeración arriba ou abaixo, vivimos todos nun mundo difícil.